

POLÍTICA DE PRIVACIDADE

A seguinte política de privacidade está destinada a informarche sobre como usamos a túa información persoal cumprindo coas disposicións e requisitos do Regulamento Xeral Europeo de Protección de Datos.

Quen é responsable do tratamento dos teus datos?

Identidade: Galega de Integratex, S.L.

CIF: B-70.010.012.

Enderezo postal: Rúa República Checa, nº 17, Parque Empresarial Costa Vella, CP 15707, en Santiago de Compostela.

Teléfono: 981 51 90 26.

Correo electrónico: maria.vizcaino@integratex.gal.

Con que finalidade tratamos os teus datos persoais?

En **Galega de Integratex, S.L.** tratamos os teus datos persoais facilitados a través do formulario de contacto coa finalidade de responder a túa consulta e/ou remitirche a información que nos solicites. Así mesmo, informámosche de que **Galega de Integratex, S.L.** non levará a cabo toma de decisión automatizadas con relación aos datos persoais proporcionados.

Por canto tempo conservaremos os teus datos?

Conservaremos os teus datos persoais en tanto e canto sexan necesarios para responder á túa solicitude de información ou consulta, procedendo á súa supresión unha vez deixan de ter utilidade para a entidade ou no caso de que solicites a baixa a **Galega de Integratex, S.L.**, opoñéndote ou revocando o teu consentimento.

Cal é a lexitimación para o tratamento dos teus datos?

Para o suposto de que solicites información a través da nosa páxina web a base legal para o tratamento dos teus datos é o consentimento explícito e inequívoco que nos facilitas mediante a aceptación explícita desta política de privacidade.

A que persoas destinatarias se comunicarán os teus datos?

Galega de Integratex, S.L. non comunicará os datos persoais da persoa interesada salvo naquelas ocasións nas que exista unha obriga legal de cesión dos datos á Administración con competencia na materia. Non obstante, **Galega de Integratex, S.L.** pode compartir información persoal con aquelas empresas ou colaboradores que son esenciais para remitirche a información que nos solicitas, estes colaboradores subscribiron un contrato que garante a confidencialidade e seguridade dos teus datos. Non está previsto realizar transferencias internacionais dos teus datos persoais a terceiros países.

Cales son os teus dereitos cando nos facilitas os teus datos?

En virtude do establecido no RGPD podes solicitar:

Dereito de acceso: solicitar información daqueles datos persoais que dispoñamos.

Dereito de rectificación: comunicar calquera cambio nos teus datos persoais.

Dereito de supresión e ao esquecemento: solicitar a eliminación previo bloqueo dos datos persoais.

Dereito de limitación ao tratamento: restrinxir o tratamento dos datos persoais.

Dereito de oposición: podes retirar o consentimento do tratamento dos datos, opoñéndose a que se sigan tratando.

Dereito á portabilidade: solicitar unha copia dos datos persoais nun formato estruturado, de uso común e lectura mecánica para a súa transmisión a outra persoa responsable.

Dereito a non ser obxecto de decisións automatizadas: solicitar que non se tomen decisións que se baseen unicamente no tratamento automatizado, incluíndo a elaboración de perfís, que produza efectos xurídicos ou afecte significativamente á persoa interesada.

Dereito a retirar o teu consentimento: en calquera momento sen que iso anule a lexitimación dos tratamentos que se efectuaron desde que se outorgou o consentimento ata que o retiraras.

Por isto, **Galega de Integratex, S.L.** infórmache que, en calquera momento e de forma gratuíta, podes exercer os anteditos dereitos mediante a solicitude dos modelos pertinentes no correo electrónico ou no enderezo indicado no primeiro punto da presente política de privacidade.

Cada solicitude de exercicio de dereitos que nos presentes deberá conter no asunto referenciaa “Exercicio dereitos RGPD” e incluír os seguintes datos: nome e apelidos, domicilio a efectos de notificación, fotocopia do Documento Nacional de Identidade ou Pasaporte, e petición concreta que se solicita. No caso de exercitarse en nome doutra persoa, deberase achegar un documento que acredite fidedignamente a representación ostentada.

Se consideras que algún dos dereitos anteriormente mencionados non foi respectado, terás dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos. (<https://www.agpd.es/portalwebAGPD/index-ides-idphp.php>).